



ROSA MARÍA CORTÉS REDONDO, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO AS NEVES (PONTEVEDRA),

CERTIFICO: Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 15 de febreiro de 2022, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“15. Expediente 170/2022. Aprobación da Oferta e Bases para a selección de postos de traballo, ó abeiro do Plan Concellos 2022, correspondente á Liña 3: emprego para a conservación de bens e servizos municipais, da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vistas as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023-Liña 3, da Deputación de Pontevedra, , publicado no BOPPO nº 230, do 27 de novembro de 2021, e en particular a Liña 3 “Emprego para conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais.

Vista a Resolución da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra de 11 de febreiro de 2022, pola que se concede unha subvención ao concello das Neves ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 correspondente a liña 3 emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais por importe de 120,250,02 euros , o Concello das Neves contratará a 13 persoas desempregadas, a xornada completa durante o ano 2022, cunha duración de 6 meses. As persoas beneficiarias serán, tal como establecen as bases Reguladoras publicadas no BOP núm. 230 do 27/11/2021, persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.

O servizo a desenvolver coa contratación do persoal subvencionado pola Deputación de Pontevedra é de utilidade colectiva, que resulta básico e urxente para esta administración, xa que contribuirá a mellorar as condicións que presentan diversas infraestruturas, instalacións e como se prestan determinados servizos municipais, fundamentais para garantir o benestar dos veciños e que permitan asegurar o funcionamento regular do propio Concello, sendo polo tanto un servizo de interese xeral e social.

Vista a Base Oitava (Finalidades Subvencionables), Liña 3, do referido Plan, segundo a cal:

“As traballadoras e traballadores que sexan contratados para realizar as obras ou prestar os servizos, polos que se outorgue a subvención, deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións



inherentes ós postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

Para a xestión das ofertas establécese como ámbito de busca de emprego o municipio do Concello solicitante.

O concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, de conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista, e segundo os criterios sinalados a continuación; tento en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se concede a subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselle preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- *Vítimas de violencia de xénero.*
- *Persoas candidatas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33%.*
- *Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas e fillos ao seu cargo.*
- *Persoas candidatas con niveis de renda mais baixa.*
- *Persoas candidatas con cargas familiares.*

Visto que as mencionadas axudas ou subvencións irán destinadas a financiar a contratación laboral temporal a xornada completa (que comprende o custo salarial e a cotización á Seguridade Social), de traballadores desempregados (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, segundo a seguinte relación:

MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS MUNICIPAIS:

- *2 Fontaneiros/as: 6 de meses de duración de contrato, a tempo completo (código CNO 72211012) .*
- *4 Peóns forestais: 6 de meses de duración de contrato, a tempo completo (código CNO 95431028) .*
- *3 Peóns de obras públicas: 6 de meses de duración de contrato, a tempo completo (código CNO 96011029).*

MANTEMENTO DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS MUNICIPAIS:

- *1 Conductor/a operador/a de maquinaria: 6 de meses de duración de contrato, a tempo completo (código CNO 83221013).*

PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS:

- *2 Peóns de recollida de lixo: 6 meses de duración de contrato, a tempo completo(código CNO 94411010) .*
- *1 Conserxe: 6 de meses de duración de contrato, a tempo completo (código CNO 58331022) .*

Todas as contratacións estarán iniciadas antes do 31 de marzo de 2022.

RETRIBUCIÓN S SALARIAIS E CUSTO A SEGURIDADE SOCIAL MENSUAL,



POR EMPREGADO/A:

Traballador/a	Salario Bruto	Seguridade Social	Custe Total Traballador/a
CONSERXE	1.125,82 €	368,73 €	1494,55 €
PEÓNS FORESTAIS	1.125,82 €	425,59 €	1.551,41 €
PEÓNS OBRAS PÚBLICAS	1.125,82 €	425,59 €	1.551,41 €
CONDUTOR/A-OPERADOR/A DE MAQUINARIA	1.125,82 €	425,59 €	1.551,41 €
PEÓN DE RECOLLIDA DE LIXO	1.125,82 €	390,69 €	1.516,51 €
FONTANEIROS/AS	1.125,82 €	425,59 €	1.551,41 €

Visto que no referente ás retribucións e cotizacións á Seguridade Social, atenderase ó establecido nas bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do referido Plan, dado que neste concello non conta con convenio propio, aplicarase o establecido no salario mínimo interprofesional que se atope en vigor en cada momento.

O Servizo Público de Emprego remitirá a correspondente relación de candidatos/as, tendo en conta as condicións requiridas, recaendo no Concello a competencia para efectua-la selección entre este posto.

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar as prazas mencionadas, e establece-los criterios para a súa selección. As prazas ofertadas, teñen as características antes indicadas.

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Deputación Provincial fai que se aproben os seguintes criterios para a súa selección, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Esta Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia delegada por Resolución de Alcaldía do 9 de xullo de 2019 (Decreto número 2019-0243), e por unanimidade dos presente, acorda:

Primeiro.- Aproba-las correspondentes ofertas de emprego, tendo en conta que só poderán optar a elas os/as candidatos/as que, reunindo as condicións requiridas, previamente remita ó Concello o Servizo Público de Emprego.

Segundo.- Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos posto de traballo mencionado, sendo imprescindible te-la categoría referida e tendo en conta a posibilidade de aumentala puntuación segundo o baremo exposto a continuación:



BASES

BASE PRIMEIRA: REQUISITOS

- a) *Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato. Non poderán ser contratados ó abeiro desta oferta os/as traballadores/as que de seren contratados suporía unha contratación superior a dezoito meses, nun período de vinte catro meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo no concello de As Neves, mediante dous ou máis contratos temporais.(art. 15.5 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado por RDL 32/2021, de 28 de decembro).*
- b) *Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.*
- c) *Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.*
- d) *Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.*
- e) *Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no su caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- f) *Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.*
- g) *Para o posto do condutor/a-operador/a de maquinaria é requisito estar en posesión do carné de conducir tipo “C” + “E” e do CAP .*
- h) *Para o posto de Conserxe é requisito estar en posesión do Título de ESO, Graduado Escolar, ou equivalente.*

BASE SEGUNDA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS

Os méritos que se terán en conta serán os seguintes

A) Formación especializada: máximo de 3,00 puntos.

Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo neste





último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo, baremados do seguinte modo:

- Curso de ata 20 horas: 0.10 puntos/curso
 - Curso de 21 a 40 horas: 0.15 puntos/curso
 - Curso de 41 a 100 horas: 0.20 puntos/curso
 - Curso de 101 a 250 horas: 0.25 puntos/curso
 - Curso de 251 a 500 horas: 0.35 puntos/curso
 - Curso de máis de 500 horas: 0.50 puntos/curso
 - Programas formativos de alternancia Formación-Traballo rematados satisfactoriamente (tipo Obradoiros de Emprego ou Escolas-Taller): 1 punto.
 - Por xornadas, seminarios ou congresos: 0.05 puntos/xornada, seminario ou congreso.
- No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0.05 puntos.

B) Coñecemento de galego: máximo 0,50 puntos.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado)

Por estar en posesión do CELGA 1: 0.15 puntos

Por estar en posesión do CELGA 2: 0.30 puntos.

Por estar en posesión do CELGA 3 ou curso de Iniciación ó galego: 0.40 puntos

Por estar en posesión do CELGA 4, curso de perfeccionamento, ou superiores: 0,50 puntos.

C) Circunstancias persoais: máximo 3,20 puntos.

Na base oitava da Convocatoria do Plan de Obras e Servizos 2022, para a selección daráselle preferencia segundo se establece nesta orde ás persoas dos seguintes grupos:

a. Persoas vítimas de violencia de xénero: 1,00 puntos.

A muller vítima de violencia de xénero, acreditarase consonte a seguinte documentación:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero ..
- Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

b. Persoas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33%: 0,90 puntos.

c. Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas e fillos ao seu cargo de conformidade co establecido na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio a familia e a convivencia de Galicia, no seu art. 13, 0,85 puntos.

d. Persoas con niveis de renda mais baixa: 0,80.

Datos ponderados con referencia ao IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples), fixado para o ano 2022, en 579,02 € mensuais.





Concello

As Neves

Ata o 75% do IPREM: 0,30 puntos

Ata o 50% do IPREM: 0,50 puntos

Ata o 25% do IPREM: 0,60 puntos

Por debaixo do 25%: 0,80 puntos

Esta circunstancia será acreditada mediante Declaración xurada de cobro de prestacións, axudas, ou pensións da entidade correspondente, da unidade familiar, conforme ao Anexo II, sen prexuízo das comprobacións que teña a ben realizar a entidade contratante

*e. Persoas candidatas con cargas familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe, ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: **máximo 0,70 puntos** (0,10 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental: Declaración xurada (anexo II), Libro de Familia, etc.*

BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello das Neves, xunto coa documentación que aporten para ser baremada, de acordo co establecido nas presentes bases e tendo como data límite a data na que sexan convocados/as polo Servizo de Emprego.

Documentación específica a presentar:

- *Título de ESO, Graduado Escolar ou equivalente, para o caso da persoa candidata ao posto de: Conserxe.*
- *Carné de conducir tipo “C” + “E” e do CAP para o caso do condutor-operador de maquinaria.*

Documentación xeral a presentar:

Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I

DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.

Declaración xurada de cumpro-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II).

Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos (Anexo II)

Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)

Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos, segundo corresponda:

Sentencia de separación ou divorcio, se fose o caso.

Libro de familia.

Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero.



**BASE CUARTA: ENTREVISTA OU PROBA PRÁCTICA**

Finalizada a fase de valoración dos méritos acreditados polos aspirantes o tribunal celebrará unha entrevista cuxa data e hora será publicada e notificada ós aspirantes, coa finalidade de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A entrevista poderase substituír pola realización as persoas candidatas dunha comprobación práctica dos coñecementos nas funcións a desenvolver.

Esta entrevista ou proba práctica, valorarase ata un máximo de 3,30 puntos.

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios de establecidos: terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- *Vítimas de violencia de xénero.*
- *Persoas candidatas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33%.*
- *Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas e fillos ao seu cargo de conformidade co establecido na Lei 3/2011, de 30 de junio, de apoio a familia e a convivencia de Galicia .*
- *Persoas candidatas con niveis de renda mais baixa.*
- *Persoas candidatas con cargas familiares.*

BASE QUINTA: PROCEDIMENTO:

Os méritos apreciaranse pola Tribunal de Selección á vista dos datos alegados e probados mediante a documentación oportuna, polas persoas candidatas, e da entrevista persoal ou proba práctica, de carácter obrigatorio que se lles fará.

Aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos, a entrevista, ou a proba práctica de aptitude, se fose o caso, serán propostos para o posto.

Tanto a proposta do Tribunal de selección, como a ulterior Resolución de Alcaldía seran obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa sede electrónica.

BASE SEXTA: LISTA DE RESERVA:

1.- Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez a ata o remate das contratacións, integrada polas persoas candidatas que, reunindo os requisitos, no momento do chamamento, obtiveran as seguintes maiores puntuacións finais as do proposto/a para ocupala praza por rigorosa orde de puntuación. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

2.- No suposto de que a lista de reserva se esgotara ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo, sempre que se considerara oportuno.



BASE SÉTIMA: TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso e a entrevista ou no seu caso proba práctica, que terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros (presidente/a, secretario/a, con voz e voto e tres vocais).

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación ca esixida as persoas aspirantes ás prazas convocadas.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas de acordo co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo co establecido no artigo 60 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou das persoas en quen deleguen.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do tribunal determinada pola Sr. Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa sede electrónica.

BASE OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/a aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo máximo de 2 días, contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello e na súa sede electrónica, a seguinte documentación:

*Copia da tarxeta de desemprego
Copia da tarxeta da Seguridade Social
Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria*

BASE NOVENA: TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS E COMUNICACIÓNS

As persoas que presenten as súas solicitudes para este proceso autorizan o tratamento dos seus datos persoais ao Concello das Neves, para os trámites relacionados con este proceso selectivo.

Todas as comunicacións, avisos e publicacións referentes a este proceso, realizaranse por publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica.





Concello

As Neves

BASE DÉCIMA: IMPUGNACIÓN E RECLAMACIÓNS.

A presente convocatoria, as bases que a regulan e todos os actos administrativos que se deriven destas, así como as actuacións do Tribunal de valoración, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as na forma prevista legalmente na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

No non previsto nas presentes Bases será de aplicación á lexislación básica estatal en materia de selección de persoal e a lexislación autonómica de desenvolvemento da mesma.





ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

D/DNA _____

Enderezo: _____

DNI nº _____ Teléfono de contacto: _____

Interesado/a en tomar parte no proceso de selección convocado polo Concello de As Neves para cubrir varias prazas mediante contratación temporal,

EXPOÑO:

- Que fun convocado/a pola Oficina de Emprego de Pontearreas para o posto de _____

- Que coñezo e acepto íntegramente o contido das bases de convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade da documentación que achego.
- Que estou desempregado/a.
- Que estou inscrito/a no servizo público de emprego de Galicia como demandante non ocupado
- Que estou dispoñible para o emprego
- Que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto
- Que me comprometo a aportar no seu día os documentos acreditativos que se me requiran
- Que autorizo expresamente ó Concello de As Neves a emitir ou obter volante de convivencia para ponderación de méritos conforme as bases de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a ó proceso selectivo convocado polo Concello de As Neves, e ó que fun convocado/a a través do Servizo Público de Emprego

E APORTO:

- DNI
- Declaración Xurada, conforme Anexo II
- Acreditación documental dos méritos alegados (Certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)

Outra documentación acreditativas para a baremación dos méritos

- Sentencia de separación ou divorcio
- Libro de familia.
- Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orde de protección, ou informe do Ministerio Fiscal).

Documentación específica a presentar:






Concello

As Neves

- Para o posto de **Condutor/a**, orixinal ou fotocopia compulsada do carné de conducir “C” + “E” e do CAP.
- Para o posto de **Conserxe** o título da ESO, Graduado Escolar ou equivalente mediante orixinal o fotocopia compulsada.

As Neves, _____ de _____ de 2022



ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA





D/DNA _____

Enderezo: _____

DNI nº _____ Teléfono de contacto: _____

Vistas as bases de selección de persoal no Concello de As Neves, ó abeiro do “ Plan Concellos 2021: Liña 3: Emprego para a conservación de bens e servizos municipais”, para os efectos do cómputo do meu nivel de rendas, de maneira oficial e pública

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que na táboa incluída neste escrito se recollen todos os membros da unidade de convivencia do/a aspirante empadroados no Concello de As Neves, na residencia do/a aspirante, facendo constar a **totalidade dos ingresos** de calquera tipo obtidos por cada un deles, nos últimos doce meses.

NOME E APELIDOS	DATA NAC.	DNI	PARENTESCO	INGRESOS	PROCEDENCIA

Que, no caso de non cumprimentar a táboa anterior, é coñecedor/a de que non poderá recibir ningún tipo de puntuación polas cargas familiares e/ou nivel de rendas recollidas nas bases da convocatoria.

Que, de existir algunha circunstancia específica de importancia para a valoración do nivel de rendas/cargas familiares dentro deste proceso selectivo, e comunicará ó Tribunal de forma inmediata, achegando un escrito e/ou informe de organismo competente.

Que mediante a sinatura desta declaración xurada, autoriza ao tribunal a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nela.

Que mediante a sinatura deste documento responsabilízase da veracidade de todos os datos que recolle, e asume as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma nin Entidade Local, nin atoparme inhabilitado para o exercicio da función Pública.

Vistos estes antecedentes, é polo que:

SOLICITA

Se teña por presentada esta declaración xurada como documentación obrigatoria do proceso selectivo referenciado.

As Neves, a _____ de _____ de 2022





ANEXO III: DOCUMENTACION PARA FORMALIZACION DE CONTRATO

D/DNA _____

Enderezo: _____

DNI nº _____ Teléfono de contacto: _____

Sendo unha das persoas seleccionadas polo Concello de As Neves ó abeiro da “liña 3: “Emprego para a conservación de bens e servizos municipais” do Plan de Obras e Servicos do Plan Concellos”, para o posto de

Por medio da presente e para formalización de contrato de traballo,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- 2. Estar desempleado/a e inscrito/a no Servizo Público de emprego de Galicia como demandante non ocupado/a, e dispoñible para o Emprego.*
- 3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.*

E ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- *Tarxeta de desemprego*
- *Tarxeta da Seguridade Social*
- *Número de Conta Bancaria*

As Neves, a _____ de _____ de 2022





Concello

As Neves

E para que así conste e xurda os efectos que proceda, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, asino e expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, na Casa Consistorial da Vila das Neves, na data sinalada á marxe deste documento, asinado electronicamente.

